

porque é de dereito

A administración non pode ignorar a demanda unánime de prorrogar indefinidamente a xubilación anticipada LOE. Tampouco pode esquecer o necesario incremento das gratificacións para que o profesorado que se xubile anticipadamente non perda unha parte importante do seu salario como sucede actualmente.

Defendemos a necesidade da xubilación voluntaria anticipada como condición ineludible de apoio e recoñecemento do labor docente. As esixencias sociais con respecto á docencia aumentan día a día, requirindo adaptacións permanentes a cambios continuos, con cargas emocionais e psicolóxicas cada vez maiores que están dificultando o traballo nos centros.

O recoñecemento institucional deste dereito contribuirá ao recoñecemento social do labor docente e permitirá que se efectúe o remuda xeneracional que require o sistema educativo.

as nosas reivindicacións son claras

mantemento indefinido da xubilación anticipada

xubilación anticipada con sesenta anos de idade
OU
30 de servizo

incremento das gratificacións ata acadar o 100% do salario en activo



**prórroga indefinida
da xubilación anticipada
é un dereito**



que é a xubilación voluntaria LOE?

O funcionariado docente temos a posibilidade de acollernos a varias modalidades de xubilación:

Xubilación forzosa: declárase de oficio ao cumprir os 65 anos. Existe a posibilidade de solicitar prórroga e permanecer en activo ata os 70. A cantidade a cobrar depende do número de anos traballados. Para cobrar o 100% do haber regulador é necesario ter cotizados 35 anos (con 30 por exemplo cobraríase o 81,73%).

Xubilación voluntaria ordinaria: pode solicitarse con 60 anos e un mínimo de 30 traballados. Ao igual que a anterior, cóbrase unha porcentaxe do haber regulador dependendo dos anos cotizados.

Xubilación voluntaria LOE: antes denominada LOXSE. Establecese no ano 1990. Hai que ter cumpridos os 60 anos antes do 31 de agosto do ano que se solicita. Ten dúas diferenzas fundamentais coa anterior:

- á hora de calcular a porcentaxe do haber regulador, considéranse como servizos prestados os anos que faltan para cumprir os 65
- quen acredita un mínimo de 28 anos de servizo ten dereito a unha gratificación que oscila entre os 5.238€ e os 19.672€ dependendo da idade, do número de anos traballados e do corpo ao que se pertence.

datos sobre a xubilación do profesorado

Se temos en conta as xubilacións do curso 2008/09, último do que temos datos oficiais, e pouco o profesorado que opta por xubilarse anticipadamente. En **primaria** tiñan posibilidade de xubilarse anticipadamente 1188 docentes e só o fixeron 341, isto é un 28%.

En **secundaria**, de 857, acolléronse 151, e dicir, un 17%.

Pola contra neste curso, entre os dous corpos seguen en activo con máis de 65 anos 1020 docentes.

Terá esta decisión algo que ver co feito de que ao xubilarse anticipadamente se perde entre un 15 e un 25% do soldo en activo?.

Indubidablemente as gratificacións son insuficientes.

por que esta campaña agora?

Desde o STEG vemos con preocupación como se achega o final da posibilidade de acollerse á xubilación anticipada LOE que rematará no 2011 co período de aplicación da devandita lei.

Tras case 20 anos de exercer un dereito que entendemos debe consolidarse, asistimos, en cambio, a propostas por parte do Goberno central de retrasar a xubilación ata os 70 anos, ou peor, ata os 75 segundo as directrices da Unión Europea.

Isto lévanos a iniciar a campaña "POLA PRÓRROGA INDEFINIDA DA XUBILACIÓN ANTICIPADA LOE" no convencemento de que **esta reivindicación de todas as traballadoras e traballadores do ensino é agora máis necesaria que nunca.**

Con esta campaña pretendemos **concienciar a todo o profesorado** da necesidade de non perder este dereito. **Non é unha cuestión de idade;** se non o conseguimos, todas e todos sairemos prexudicados.

Podes mostrar o teu apoio á consolidación deste dereito **asinando na páxina** que temos destinada a tal fin en www.stegsindicato.org. Cantas máis sinaturas, máis forza teremos na nosa demanda.

Por outra banda, manteremos entrevistas cos grupos políticos do parlamento, tanto estatal como galego, co fin de que promovan as medidas legislativas necesarias para garantir este dereito.

sobre as gratificacións

Da gratificación percibida, unha parte é aportada polo goberno central (igual para todas as CCAA) e outra polo galego. As diferenzas entre os distintos territorios do Estado son significativas. Se en Galiza a cuantía máxima, por exemplo no corpo de PES, é de 19.672€, en Asturias supera os 23.000, en Catalunya pasa dos 27.600 e en Euskadi supera os 50.500€.

Coas actuais gratificacións, unha persoa que se xubile con 60 anos de idade e 30 de servizo percibe un 17% menos que si estivera en activo.

Se realmente queremos revalorizar a función docente **temos que acadar o incremento das gratificacións a percibir ata acadar o 100% do salario en activo** para aquelas persoas que teñan os 30 anos de servizo.

Ese é o noso obxectivo.